

OBSERVACIÓN DOCENTE

Despois da observación

MESTRES PARTICIPANTES: José Manuel Rego García, Norberto Blanco Dorrío,
M.^a Pilar Iglesias Gómez.

DATA: 6 febreiro 2023

Práctica reflexiva do grupo

1. Que foi o que máis nos custou como observadores?

A sensación de molestar na actividade da clase e incomodar ao compañeiro/a. Intentar non ser fiscalizadores da tarefa do mestre/a ao tomar notas durante a sesión de observación.

2. Que foi o que máis nos custou como observados?

O temor a que a nosa labor non servira ao outro compañeiro/a e a sesión non resultase o natural que noutras ocasións sen observador.

3. Nesta observación holística as ferramentas de observación foron axeitadas o modificaríamos algunha?

Os cadernos de notas e as follas de observación creadas na sesión do 30 de xaneiro, en principio, cumpriron a función tal e como pensabamos.

4. Foinos sinxelo tomar anotacións?

Non foi tarefa sinxela realizar a observación e tomar notas, pero as ideas xerais poideron ser reflectidas. O desexable sería observar sen facer máis anotacións que as imprescindibles e despois ter un tempo para organizalas.

Podemos intentar en futuras observacións, rematar antes da sesión e dispor deses minutos para reorganizar os nosos datos.

5. Que podemos facer cos datos obtidos?

Para estas observacións holísticas, as follas deseñadas parecen suficientes, en vindeiras observacións, debemos pensar en táboas de rexistros máis polo miúdo.